



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE NOVEMBRO DE 2012

LICENZAS

EDIFICACIÓN.-

LIC/1364/2012.- MONTSERRAT MAREQUE LÓPEZ.- Construción de vivenda unifamiliar con garaxe anexo e derruba de galpón, na rúa das Letras Galegas, 5.

OUTRAS OBRAS.-

LIC/1858/2006.- ZOAR RESIDENCIAL, SL.- Rehabilitación para vivenda e local comercial na rúa do Cruceiro do Galo, 9.

LIC/46/2012.- DAVID CHAO CASTRO. Rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Picaños, 14.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS.-

LIC/1363/2012.- MARÍA DEL CARMEN OTERO MANTEIGA.- Parcelación no lugar de Marantes (+)

RECURSOS DE REPOSICIÓN

LIC/849/2012.- MANUEL RAÑA VILASECO.- Desestimación de recurso de reposición presentado contra acordo de Xunta de Goberno Local do día 30 de agosto de 2012.

LIC/850/2012.- JOSE IGNACIO RAÑA FERNÁNDEZ.- Desestimación de recurso de reposición presentado contra acordo de Xunta de Goberno Local do día 30 de agosto de 2012.

LIC/185/2010.- JOSE SANTIAGO PIÑEIRO NIETO.- Desestimación de recurso de reposición presentado contra acordo de Xunta de Goberno Local do día 22 de xuño de 2010.

3.- Diversos recursos de reposición presentados contra acordos desestimatorios da Xunta de Goberno en materia de Urbanismo.

Apróbanse as propostas.

4.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación relativa a diversas solicitudes de exención nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións solicitadas.

5 a 52.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

53.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á corrección de erro na Ordenanza reguladora de terrazas e quioscos de hostalería.

Procédese á corrección do erro.

54.- Proposta da concelleira delegada de Informática relativa á anulación dunha reserva de crédito e a liberalización do saldo para a súa posta a disposición para outros gastos.

Apróbase a anulación da devandita reserva, ao non terse realizado a instalación dos puntos de información para fomentar o coñecemento das novas vías de acceso á Administración Electrónica, motivo polo que non entrou en vigor o mantemento previsto para o ano 2012.

55.- Proposta da concelleira delegada de Comercio relativa á rectificación dun erro no punto 59 da sesión de data 18.10.12, relativo a concesión de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial 2012.

Rectifícase o erro.

56.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adxudicación das Obras de pavimentación, mantemento e outras actuacións no SECTOR 23 – VIDÁN.

Apróbase o inicio do procedemento de contratación das devanditas obras, así como o proxecto das mesmas, establecéndose un tipo de licitación de 75.206,96 € (IVE engadido).

57.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico e do Ensanche de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2012.

Apróbase o inicio do procedemento de contratación do devandito arrendamento e instalación. Neste Nadal, a maiores, colocaranse 23 arcos nas parroquias do rural e, na medida do posible, en ubicacións consensuadas cos veciños. Ademais, instalaranse 6 arcos nas entradas da cidade. Ambas iniciativas supoñen unha novidade. Malia estas incorporacións, a contratación realizarase por un 15% menos que no ano 2011 e por un 28% do ano 2010.

58.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social dando conta de diversos convenios con entidades de carácter social.

Dáse conta dos convenios asinados con: Banco de Alimentos, Cáritas, Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home, FEAFES Galicia, Asociación Galega de Espiña Bífida, Fundación Secretariado Xitano, Cociña Económica, Albergue Xoán XXIII, ASPANAES, Colexio de Avogados de Santiago, AGADEA e Asociación Galega de Lupus.

59.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social dando conta da concesión ao Concello pola Consellería de Traballo e Benestar da prestación do servizo de axuda no fogar do 3º trimestre de 2012.

Dáse conta da concesión da devandita prestación, por un importe de 53.910,08 €.

URXENCIAS

- 1.- Dáse conta da lista definitiva de beneficiarios das bolsa de comedor.
- 2.- Concédese unha licenza para a instalación dun ascensor na rúa San Pedro de Mezonzo, 11.
- 3.- Dáse conta do convenio entre o Concello e Incolsa para o mantemento desta última por importe de 899.315 euros.
- 4.- Dáse conta do convenio co Albergue Xoán XXIII para o programa “Xuntos Podemos” por importe de 3.000 euros.
- 5.- Dáse conta da subvención recibida para o mantemento do persoas da Oficina de Rehabilitación por importe de 34.700 euros.
- 6.- Dáse conta da solicitude de adianto do 50% dunha subvención por parte da concellería de Medio Rural a AGADER (118.000 euros) para o arranxo do campo da festa de Nemenzo, así como do inicio da devandita obra para 2013.
- 7.- Apróbase o inicio da contratación do proxecto de reurbanización da rúa Virxe Branca por procedemento negociado sin publicidade cun tipo de licitación de 198.908 euros. Colgarase na web no perfil do contratante.
- 8.- Dáse conta da adxudicación do proxecto de desbroce de cunetas para 21 parroquias do rural por importe de 58.880 euros máis IVE (71.244 euros).